As aportacións dos programas de axuda entre iguais

Estes programas iniciáronse en Inglaterra no 2000, dan máis peso á axuda entre iguais que á resolución de conflitos. Nesta proposta destacase a importancia que ten a creación de redes de apoio, ou o desenvolvemento da escoita, como vías para axudar a buscar recursos que poidan resolver os conflitos, reducir a violencia e mellorar o clima escolar (Hutson y Cowie, 2007).

O ámbito de actuación do alumnado axudante é tanto a aula como o centro. As tarefas de axuda poden ser moi variadas: acollida de novo alumnado, liderar actividades de grupo nos recreos, apoio ao alumnado en situación de indefensión, axuda ao alumnado con dificultades de adaptación ás normas escolares ou con dificultades de relación cos iguais, ser axente proactivo da boa convivencia no seu curso, … .